

GUÍA DOCENTE DE **CORREPETICIÓN I-VIII**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de outubro)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: <i>CORREPETICIÓN I-VIII</i>										
ESPECIALIDADE	Interpretación								ITINERARIO	Canto
CARÁCTER	Obrigatoria								TIPO DE CLASE	Individual
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Piano acompañante	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	Horas de clase semanais:	1 h.	
ECTS/CUAD.	1'5	1'5	1'5	1'5	1'5	1'5	1'5	Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación cun segundo instrumento. Afondamento en repertorios especializados. Comprensión da variedade de enfoques estilísticos e requirimentos asociados á interpretación que confiren a esta disciplina un carácter flexible e adaptable aos estilos e tradicións interpretativas. Preparación adecuada para a interpretación en público
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Directamente relacionada coas disciplinas de Repertorio (Oratorio, Lied, Ópera e zarzuela, Século XX-XXI), e de maneira propedéutica coa de música de cámara
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6
COMPETENCIAS XERAIS:	X3, X7, X13, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
a) Coñecer e interpretar cun nivel artístico e técnico axeitado o repertorio vocal con acompañamento orquestral mais representativo dos principais xéneros musicais vocais a través da redución pianística	Todas
b) Desenvolver o sentido de adaptación ao pulso rítmico do acompañamento vocal, da afinación e do equilibrio agónico e dinámico, e da capacidade de comprensión e resposta ante as indicacións do director musical/pianista	T3, T6, X3, X7, X13, EI1, EI3, EI4
c) Comprender e recoñecer a estrutura e o fraseo e articulación musical do repertorio traballado e a súa relación co texto e co concepto dramaturxico do mesmo	T1, T3, X3, X21, EI1, EI2, EI4, EI10
d) Valorar a importancia do coñecemento tanto da parte instrumental/solística como da orquestral/pianística para acadar un resultado óptimo na interpretación	T3, X3, EI1, EI2
e) Adquirir os criterios propios, a sensibilidade artística e as capacidades precisas para interpretar o repertorio traballado, aplicando conceptos estéticos, estilísticos e musicais e solventando os problemas técnicos e interpretativos plantexados	Todas



4. CONTIDOS

Práctica do repertorio vocal con acompañamento pianístico.

Adaptación e equilibrio entre solista e acompañamento pianístico/orquestra.

A interpretación musical segundo os diferentes xéneros vocais (Oratorio, Lied, Ópera e Zarzuela).

Adecuación á época e autor.

A interpretación en audición ou concerto público.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Audición cuadrimestral	Presenciais	Ao final do cusdrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres.